

ACTA DE APROBACIÓN DA ACTA DE SESIÓN DA MESA DE DATA 07/07/2020, ANÁLISE DO INFORME EMITIDO POLA ARQUITECTA DA ÁREA DE URBANISMO SOBRE AS OFERTAS CORRESPONDENTES AO SOBRE ELECTRÓNICO B (CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR), ASIGNACIÓN DE PUNTUACIÓNS POLAS OFERTAS CONTIDAS NESTE SOBRE, APERTURA ELECTRÓNICA DO SOBRE C (CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULAS) E REQUIRIMENTO Á ARQUITECTA DA ÁREA DE URBANISMO PARA QUE EMITA INFORME

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: 2020/ABS/000004

REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E ELEMENTOS A CONSERVAR DA CIDADE E O RURAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

ACTO: Proceder á aprobación da acta da sesión da Mesa de data 07/07/2020, ao análise do informe emitido pola Arquitecta da Área de Urbanismo sobre as ofertas correspondentes ao sobre electrónico B (criterios avaliáveis mediante xuízos de valor), asignación de puntuacións polas ofertas contidas neste sobre, coñecemento público destas puntuacións, apertura electrónica do sobre C (criterios avaliáveis a través de fórmulas) e requirimento á Arquitecta da Área de Urbanismo para que emita informe

ÓRGANO QUE SE REÚNE: Mesa de Contratación.

DÍA: 1 de outubro de 2020

LUGAR: Planta baixa do Edificio Consistorial sito na Praza de España, 1, Pontevedra.

HORA DE INICIO: 10:32 horas.

HORA DE FIN: 10:47 horas.

No expediente mencionado na parte superior desta acta e no lugar, día e hora indicados, comparecen as persoas que de seguido se relacionan co obxecto de proceder a realización do acto mencionado no expediente de contratación indicado.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: Concelleiro da área de Economía e Facenda	D. Raimundo González Carballo
SECRETARIO:	D. José Francisco González Neira (Xefe do Servizo de Contratación).
VOGAIS:	Dona Blanca Vega Lorenzo (Interventora Xeral). Don José Antonio García Mon (Director da Asesoría Xurídica). Dona Patricia López Carreira (Arquitecta ARI Estribela, Área de Urbanismo) Don Juan Manuel Muñoz Cerrada (en representación do Grupo Municipal)

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, procédese, como primeiro punto da orde do día, a aprobación, por unanimidade, da acta da sesión da mesa de data 07/07/2020.



A continuación, a secretaría do órgano da conta do informe da Arquitecta da Área de Urbanismo emitido no expediente de contratación mencionado anteriormente, no que se valoran, de acordo cos criterios de adxudicación do prego de cláusulas administrativas as ofertas formuladas polas empresas admitidas contidas no sobre electrónico B (criterios avaliados mediante xuízos de valor) a este proceso de licitación.

Os membros da Mesa de Contratación logo de estudar o informe mencionado, por unanimidade, ACORDAN:

Primeiro.- Aceptar o informe da Arquitecta da Área de Urbanismo emitido no expediente de contratación mencionado anteriormente, no que se valoran, de acordo cos criterios de adxudicación do prego de cláusulas administrativas as ofertas formuladas polas empresas admitidas contidas no sobre electrónico B (criterios avaliados mediante xuízos de valor).

Segundo.- Aceptar e asumir as puntuacións reflectidas no informe técnico anteriormente mencionado e, en consecuencia, outorgarlle ás empresas admitidas como puntuacións polas ofertas contidas nos sobres electrónicos B (criterios avaliados mediante xuízos de valor) as que se expoñen no devandito informe que, de forma resumida, son as seguintes:

Nº	LICITADOR	PUNTUACIÓN				
		Apartado 1	Apartado 2	Apartado 3	Apartado 4	TOTAL
1	CARSAN SCP ARQUITECTURA Y GESTIÓN (UTE)	4,5	3,5	2	2	12
2	CARTAFOL.ARC (UTE)	11	11	11	1	34
3	DESSA URBANISMO, SLNE	4,5	9	10	3	26,5
4	SETEOITAVAS S. COOP.GALEGA	8	8,5	7,5	4	28

Posteriormente procédese á apertura electrónica do sobre C, correspondente ás ofertas referidas a criterios avaliados automaticamente.

As ofertas contidas nos sobres electrónicos C (criterios avaliados automaticamente) deben avaliarse conforme os criterios de adxudicación determinados nos pregos de cláusulas administrativas. As ofertas contidas no sobre electrónico C, formuladas polas empresas, son as seguintes:

EMPRESAS	Precio ofertado sen IVE	IVE	Precio ofertado con IVE
CARSAN SCP ARQUITECTURA Y GESTIÓN (UTE)	32.000,00 €	6.720,00 €	38.720,00 € (*)
CARTAFOL.ARC (UTE)	30.915,25 €	6.492,20 €	37.407,45 €
DESSA URBANISMO, SLNE	37.700,00 €	7.917,00 €	45.617,00 €
SETEOITAVAS S. COOP.GALEGA	30.400,00 €	6.384,00 €	36.784,00 € (**)

(*) Por un erro aritmético a empresa sinalou como importe total do prezo o de 37.720 €, cando a suma real da base máis o IVE é de 38.720,00 €; considerándose, polo tanto, como importe correcto este último.

(**) Por un erro aritmético a empresa sinalou como importe total do prezo o de 36.748 €, cando a suma real da base máis o IVE é de 36.784,00 €; considerándose, polo tanto, como importe correcto este último.

A este respecto indicar que, de conformidade co artigo 1266 de Código Civil *“para que el error invalide el consentimiento, deberá recaer sobre la sustancia de la cosa que fuere objeto del contrato, o sobre aquellas condiciones de la misma que principalmente hubiesen dado motivo a celebrarlo”*, e que *“el simple error de cuenta sólo dará lugar a su corrección”*. Así mesmo, e segundo o artigo 84 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas *“si alguna proposición no guardase concordancia con la documentación examinada y admitida, excediese del presupuesto base de licitación, variara sustancialmente el modelo establecido, o comportase error manifiesto en el importe de la proposición, o existiese reconocimiento por*



parte del licitador de que adolece de error o inconsistencia que la hagan inviable, será desechada por la mesa, en resolución motivada. Por el contrario, el cambio u omisión de algunas palabras del modelo, con tal que lo uno o la otra no alteren su sentido, no será causa bastante para el rechazo de la proposición.”

En relación con estas ofertas contidas nos sobres electrónicos C, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Dar traslado destas ofertas para informe por parte da Arquitecta da Área de Urbanismo.

Finalizada a apertura de sobres, o Sr. Presidente da por finalizado o acto e levanta a sesión do que eu, como Secretario, dou fe.

